

## **Que é necesario para inscribir unha Asociación Estudiantil no Rexistro Público de Asociacións da Universidade de Santiago de Compostela?**

**1** A documentación necesaria para inscribirse é a que deseguido se relaciona:

- Impreso de solicitude de inscrición da Asociación dirixido ao Vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social.
- Acta fundacional asinada por todos os membros que a constitúen.
- Estatutos asinados, nas marxes de todas as súas follas, por todos os membros que constitúen a Asociación.
- Compoñentes da xunta directiva cos seus datos identificativos.
- Autorización para publicar na web da Universidade os datos da Asociación, co obxecto de darlle unha maior difusión.
- Declaración asinada polo presidente/a de que se se produce algún troco na xunta directiva, no enderezo, no número de teléfono, na extinción da Asociación, ou en calquera outro dato, se comunicará ao Vicerreitor da Comunidade Universitaria e Compromiso Social.
- Declaración do presidente/a da asociación do número de asociados que forman parte da mesma.
- Domicilio social a efectos de notificación. A asociación terá como domicilio social, preferentemente, algún local da USC. De ser así, achegarase autorización do Decano/a, Director/a do centro, e, se o local está situado nunha residencia ou colexio maior, autorización do Director/a do/a mesmo/a, coa dirección correspondente aos efectos de comunicación

**2** Esta documentación presentarase no Rexistro Xeral da USC ou en calquera dos seus rexistros auxiliares e dirixirse ao Vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social.

**3** Se a Asociación xa estivera inscrita no rexistro Autonómico de Asociacións da Xunta de Galicia, deberá presentar copia dos documentos da inscrición.

**O teléfono de contacto para calquera dúbida que poida xurdir é o: 981 563100 extensións 14582 e 14574.**